

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/09/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D. Andrés Fernández Graña.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiros ausentes:

D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e un minutos do día cinco de setembro de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de xullo do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.**

Dase conta das resolucións da Alcaldía dictadas desde a última sesión plenaria, xa recollidas nas actas das Xuntas de Goberno.

A Corporación queda enterada do contido desas Resolucións da Alcaldía e dos acordos da Xunta de Goberno Local.

**TERCEIRO. DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS PARA 2016.**

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de establecer coa brevidade posible as datas nas que se celebrarán as festividades laborais de carácter local no vindeiro ano 2016, e da proposta do

grupo de goberno no sentido de manter as datas tradicionais destas festas, é dicir, o martes de Entroido, que no 2016 cadrará no 9 de febreiro, e o luns 4 de xullo, no que se conmemora Santa Sabela. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a referida proposta.

#### CUARTO. ACORDOS SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A XESTIÓN DOS RAEE.

Dase conta da proposta da Alcaldía para a adhesión do Concello o Convenio marco de colaboración de data do 15/01/15 asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e os Sistemas Integrados de Xestión dos Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, que literalmente di:

##### **“ANTECEDENTES**

- *O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) indica que é competencia municipal a xestión dos residuos sólidos urbanos.*
- *O RD 208/2005 sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, é a norma inicial que sentou as bases para a xestión individualizada e especializada desta caste de residuos.*
- *O RD 110/2015 veu actualizar a anterior regulación, pero a súa aplicación total non se producirá ata o ano 2018, polo que, deica esa data a maioría dos aspectos seguen o indicado no RD 208/2005.*
- *Por outra banda, o marco xeral estatal estivo definido pola Lei 10/1998 de residuos, que facultaba ó goberno do Estado a fixar disposicións particulares sobre determinados tipos de residuos, así como pola Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados.*
- *A efectos prácticos, o RD 208/2005 sinala que as persoas usuarias deben entregar este tipo de residuos para que sexan xestionados correctamente, e sen ningún custo para elas. E para iso os concellos de máis de 5.000 habitantes están obrigados á súa recollida selectiva, mentres os de menos de 5.000 dependerán do que estableza a normativa autonómica.*
- *Consonte o dito RD 208/2005, as empresas produtoras incluírán no prezo dos seus produtos unha taxa para cubriren os custos de xestión dos RAEE. Desta forma poderán xestionar directamente os RAEE ou ben adherirse a un ou varios sistemas de xestión integrados (SIX). Asemade, as empresas ou os SIX poderán asinar convenios de colaboración coas CC.AA., aos que se poden adherir os concellos, para a xestión dos residuos e, como contrapartida, recibir unha compensación polos custos soportados.*
- *Neste senso, con data do 15/01/2015 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e os SIX dos RAEE asinaron un convenio marco de colaboración, ao cal se poden adherir os concellos. Entre outras cousas, os SIX comprométense a recoller os RAEE, a xestionalos correctamente e a transferir os custos de recollida soportados polos municipios, así como promover campañas de concienciación e sensibilización ambiental. Ademais, os SIX deberán subministrar de balde aos concellos os colectores e elementos que consideren para o almacenamento temporal e a recolla selectiva dos RAEE.*
- *Con data do 26/06/2015 rexístrase unha comunicación da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta informando da sinatura do convenio devandito e da posibilidade de adhesión dos municipios.*

### **ARGUMENTACIÓN:**

*Os concellos teñen a competencia xenérica sobre a recollida e a posterior xestión dos residuos domésticos.*

*Nembargante, os municipios con escasos medios non poden asumir a xestión integral deses residuos, e se vén abocados a participaren en sistemas máis amplos. No noso caso, San Sadurniño, ó igual ca inmensa maioría dos concellos galegos, está incorporado ó sistema SOGAMA.*

*Nos últimos tempos demostrouse que este sistema está superado, tanto pola súa escasa capacidade de xestión, como pola evolución técnica e normativa, polo que cómpre deseñar novos sistemas de xestión, máis acaídos ás necesidades actuais, e que cumpran cos requisitos de sustentabilidade económica, social e ambiental.*

*Por estes motivos o Concello de San Sadurniño acredita nun cambio profundo na xestión do lixo, e quere procurar alternativas reais, que melloren o servizo, á vez que a súa eficiencia e eficacia.*

*Neste contexto, os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos contan cunha normativa propia, e é preciso deseñar un sistema propio de recollida e almacenamento desta tipoloxía de residuos, para que sexa compatible cos medios e recursos existentes, e que permita avanzar na mellora económica e na calidade da prestación do servizo de recollido de lixo.*

*Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte*

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*O Pleno da Corporación acorda a adhesión do Concello de San Sadurniño ao convenio marco de colaboración, de data do 15/01/2015, asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os Sistemas Integrados de Xestión dos Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.*

*Nomeadamente, consonte o recollido no devandito convenio, o Concello de San Sadurniño acóllese á Opción A de almacenamento, para a xestión de 5 fraccións de RAEE.*

*Asemade manifesta a aceptación de todos os pactos recollidos no citado convenio, e salienta a predisposición do Concello para pór os medios necesarios e tomar as medidas organizativas precisas de cara a dar cumprimento aos requisitos recollidos no convenio.*

*Ademais, o Pleno insta aos servizos municipais a que comuniquen este acordo á CMATI para facer efectiva, no prazo máis breve posible, a adhesión do Concello ao convenio e a pronta posta en marcha das medidas vinculadas ao servizo de recollida dos RAEE."*

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Soto explica brevemente as vantaxes que se derivarán para o Concello da sinatura deste Convenio, tanto no referido á mellora na xestión deses residuos como ó aforro que suporá para o Concello, pola minoración dos custes de recollida e pola retribución derivada da aplicación do Convenio.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a referida proposta.

### **QUINTO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 03/2015.**

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 03/2015, coa modalidade de suplemento de créditos financiado con baixas

noutras partidas do mesmo capítulo, concretamente coa baixa producida na adxudicación da obra de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de Currás. No expediente constan os informes favorables de Intervención e Secretaría. A finalidade deste expediente é a financiación das obras de "Saneamento no Chao (Naraío)", incluída no Fondo de Compensación Ambiental 2015 da Xunta de Galicia, e o pago do subministro de colectores para recollida de R.S.U.

As altas en aplicacións ou partidas de gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
160-60900	19.281,37 €	22.083,02 €	41.364,39 €

As baixas en partidas de gastos detállanse de seguido:

Partida: capítulo, artigo e concepto	Consignación actual	Baixa	Consignación resultante
342-60900	22.083,02 €	22.083,02 €	0,00 €

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos do PP, acorda aprobar provisionalmente a referida modificación de créditos e dispor a realización dos trámites necesarios para a súa aprobación definitiva, que se producirá de maneira automática se non se presentan alegacións durante a súa exposición pública.

#### SEXTO. APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3.

Dase conta da proposta da Concellería de Facenda, de modificación desta Ordenanza para clarear o seu texto, incrementar as cotas vixentes nun 25% e aumentar os supostos de exencións e bonificacións, para o que se propón aprobar un novo texto completo desa Ordenanza. O asunto xa foi debatido previamente en xunta de portavoces e dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello. A proposta de que se trata literalmente di:

*"O Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica (IVTM) é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, sexa cal for a súa clase ou categoría. Deste xeito, considéranse vehículos aptos para a circulación os que foran matriculados nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causaran baixa nestes. Aos efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.*

*Feitas as anteriores consideracións, é necesario recordar que o Concello de San Sadurniño conta cun corpo normativo no eido fiscal que non encaixa ben coas necesidades actuais, e, deste xeito, a ordenanza fiscal sobre o IVTM non se modifica dende o ano 2000, cando foi publicada no BOP do 18 de outubro dese mesmo ano.*

*Os novos tempos que corren para as Administracións locais galegas fan necesario unha análise e, posiblemente, unha importante reformulación das normativas internas de xestión pública, e así, as normas de xestión de ingresos non poden quedar á marxe deste labor revisionista.*

*Isto é así debido á inxente necesidade de financiamento das Administracións máis próximas á cidadanía, para poderen cumprir coas competencias que a lei lles outorga. E tamén é así moi principalmente polo escaso e inxusto financiamento dos concellos galegos por parte das Administracións supramunicipais, provocado por un sistema de financiamento local a nivel estatal que non atende ás peculiaridades da dispersión demográfica ou ao avellentamento da poboación, inherentes aos concellos galegos. Isto provoca que os nosos concellos teñan que levar a cabo un especial esforzo na busca de sistemas de financiamento propio e acaído ás súas necesidades.*

*O caso do San Sadurniño é paradigmático e consecuente co anteriormente comentado, cun orzamento de ingresos en exceso dependente das transferencias exteriores e con niveis máis ben baixos de ingresos propios. Este concello conta cun catálogo de normativa fiscal que non sufriu apenas modificacións nos últimos 10 anos e as necesidades actuais de provisión de máis servizos públicos e de maior calidade provoca neste momento histórico unha certa reformulación, tal e como antes se indicaba.*

*Cómpre, neste caso concreto, e tamén por responsabilidade política, levar a cabo a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 3 do IVTM, para adaptala ás necesidades municipais presentes e sobre todo, ás necesidades da súa poboación. Unha ordenanza que dende o ano 2000 non sufriu ningunha modificación e sobre a que propomos as seguintes actualizacións:*

- a) Dar maior e máis claro contido ao corpo dispositivo do texto legal, aproveitando mellor a fonte legal na que se enmarca (RDL 2/2004 de Facendas Locais), co obxectivo de mellorar a información e a claridade de cara ás persoas administradas*
- b) Modificar a cota do imposto, que actualmente é a mínima que marca a lei, sendo o único concello da comarca que así o mantén. Neste senso, proponse artellar un coeficiente de 1,25 sobre o cadro de tarifas da normativa estatal, de forma que se poida chegar aos coeficientes do resto de concellos da comarca*
- c) Incrementar os supostos de posibles exencións e bonificacións*

*Ao tratarse dun imposto, este ingreso orzamentario non se atopa vinculado a ningunha prestación de servizo en particular, aínda que si poderíamos buscar concordancias e establecer algún vínculo conceptual entre o dito ingreso e o mantemento de vías municipais.*

*Neste senso, cómpre ter en conta que o noso Concello conta cunha extensa rede de vías municipais (máis de 260 km de estradas asfaltadas), o que provoca que se deban acometer anualmente moitos proxectos de conservación das mesmas, sobre todo nos últimos anos por mor da incidencia da actividade da saca de madeira sobre as ditas vías. Pero ademais o Concello, por demanda da veciñanza, tamén vén desenvolvendo un ambicioso programa de limpeza de beirarrúas e beiravías, que ten uns custes crecentes co paso dos anos, debido ao deterioro da maquinaria e ao incremento das partidas para a parte do servizo que non é prestado directamente dende a Administración local.*

*Por este motivo, podemos, dalgunha maneira, establecer un vínculo entre o ingreso público derivado deste imposto e a prestación dos comentados servizos sobre o mantemento da rede viaria, polo que presenta uns índices de xustiza social e orzamentaria que non convén deixar a un lado.*

*Por todo o anterior, proponse o texto que vai anexo a esta memoria xustificativa para o seu sometemento ao Pleno municipal.*

## **ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

### **Artigo 1º. IMPOSICIÓN E REGULACIÓN LEGAL**



1. O Concello de San Sadurniño, de conformidade co establecido nos artigos 15.2 e 59.1.c) e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica (IVTM).
2. Nomeadamente, o IVTM rexerase polo disposto no artigos 92 a 99, ambos inclusive, do citado RDL 2/2004, así como no resto de disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación, e especificamente polo establecido na presente ordenanza.

#### Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. O IVTM é un imposto directo que grava a titularidade dos vehículos de tracción mecánica que sexan aptos para circular polas vías públicas, cal queira que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non teña causado baixa neles.
3. Aos efectos deste Imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

#### Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

#### Artigo 4º. PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo coincide co do ano natural, agás no caso da primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará no día en que se produza a dita adquisición.

#### Artigo 5º. XERACIÓN DA OBRIGA

O imposto xerarase o primeiro día do período impositivo.

#### Artigo 6º. COTA TRIBUTARIA

O Concello de San Sadurniño aplicará un coeficiente de 1,25 sobre o cadro de tarifas incluído no artigo 95 do RDL 2/2004.

O importe da cota do IVTM ratearase por trimestres naturais nos casos da primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. É dicir, se a adquisición se produce no primeiro trimestre, satisfarase o 100% da cota; se se produce no segundo trimestre satisfarase o 75%; o 50% no terceiro trimestre; e o 25% no cuarto. En todos os casos en que proceda este rateo, aplicarase pola persoa interesada ao facer a correspondente declaración-liquidación do imposto, conforme o disposto na presente ordenanza.

1. No suposto de transferencia do vehículo ou de cambio de domicilio da persoa titular do mesmo con incidencia tributaria no Imposto, a cota non será reducible, quedando obrigado ao pago do IVTM quen figure como persoa titular do vehículo no permiso de circulación correspondente na data de xeración da obriga.

#### Artigo 7º. EXENCIONS E BONIFICACIONES

- Estarán exentos do imposto:

- Os vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida a que se refire a letra A) do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo RD 2.822/1998, de 23 de decembro, considerándose persoas con minusvalía ou discapacidade as que teñan esta condición legal en

*grao superior ou igual ao 33%, de acordo co baremo da DA 2ª da Lei 26/1990 de 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social as prestacións non contributivas*

- *Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provista da Cartilla de Inspección Agrícola*
- *O resto de vehículos que prevé a lexislación estatal*
  - *Para poder gozar a das exencións a que se refiren os apartados a) e b) do punto 1 anterior, as persoas interesadas deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Deberase facer a correspondente solicitude acompañando a seguinte documentación:*
  - *Para os vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida: Copia do permiso de circulación no que conste que o vehículo está matriculado a nome da persoa con discapacidade recoñecida; copia do carné de conducir por ambas as caras; copia das características técnicas do vehículo; e copia da declaración administrativa de invalidez ou de disfunción física, expedida polo organismo ou autoridade administrativa competente*
  - *Para os supostos do punto 1.b): Copia do permiso de circulación; copia do certificado de características técnicas do vehículo; e copia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.*
    - *As declaración de exención previstas nos puntos 7.1.a) e 7.1.b) anteriores producirán efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición, excepto nos supostos de declaración de alta, en cuxo caso terá efectos no propio exercicio, sempre que a persoa titular solicite a dita exención e acredite o dereito á mesma na forma prevista no punto 2 anterior. O prazo para solicitalo será de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da matriculación ou autorización para circular.*
    - *Gozarán dunha bonificación do 100% na cota do IVTM os vehículos cunha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación, e que posúan a consideración de "vehículos históricos". Se a data de fabricación non se coñece, tomarase como tal a da súa primeira matriculación e, en defecto desta última, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.*
    - *Para poder contar coa bonificación a que se refire o punto 4º, as persoas interesadas deben instar a súa concesión, acompañando á súa solicitude a seguinte documentación:*
  - *Certificación expedida polo organismo competente na que conste a data de fabricación do vehículo. Se esta non se coñece, achegarán unha copia do permiso de circulación do vehículo na que conste a data da primeira matriculación, e, no seu defecto, a certificación expedida polo organismo competente na que conste a data en que o correspondente tipo ou variante de vehículo se deixou de fabricar*
  - *Informe emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico no que conste a inscrición do vehículo no Rexistro Especial de Vehículos Históricos*
    - *Gozarán dunha bonificación do 50% sobre a cota do IVTM os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión). Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos.*
    - *Para poder contar co beneficio fiscal previsto no apartado 6º deste punto, as persoas interesadas deberán instar a súa concesión, acompañando á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo na que conste que este é un vehículo de motor híbrido eléctrico ou integramente eléctrico. Achegarán tamén, unha copia do*

*permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade, pública ou privada, do vehículo.*

- *Os acordos sobre os que se recoñezan ás persoas interesadas as bonificacións previstas nos apartados 4º e 6º anteriores, terán efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición, agás nos supostos de declaración de alta dos vehículos de motor eléctrico ou híbridos, en cuxo caso terán efectos no propio exercicio, sempre que a persoa titular solicite a bonificación e acredite o dereito á mesma, nos termos que se establecen no apartados anteriores. O prazo para solicitalo será de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da matriculación ou autorización para circular.*

#### *Artigo 8º- NORMAS DE XESTIÓN E COBRO DO IMPOSTO*

- 1. O cobro do imposto nos anos seguintes ao da primeira adquisición do vehículo, transferencia do mesmo ou cambio de domicilio da persoa titular con incidencia tributaria, xestionarase a partir do Padrón do IVTM. Este padrón formarase anualmente e estará constituído por todos os vehículos suxeitos ao tributo conforme ao disposto na presente Ordenanza. No padrón constarán a clase de vehículo, as súas características especiais, a súa matrícula ou placa de identificación, os datos da persoa titular do vehículo, o domicilio fiscal, a cota tributaria e cantos outros datos se estimen convenientes para a mellor identificación do obxecto tributario.*
- 2. Unha vez aprobado o Padrón do IVTM, exporase ao público, por prazo dun mes, a fin de que as persoas interesadas poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas dentro do dito prazo.*
- 3. Aprobado de forma definitiva o Padrón, procederase a emitir os recibos correspondentes e cargaranse os mesmos, para o seu cobro en período voluntario, á Recadación municipal ou á Administración na que se delegue o cobro deste imposto. O inicio do procedemento de cobro en período voluntario anunciarase no Boletín oficial da provincia.*
- 4. Con carácter xeral, o prazo de ingreso, en período voluntario, das débedas tributarias correspondentes ao IVTM será o aprobado no seu momento, polo Concello ou pola Administración na que o Concello teña delegadas as facultades de ingreso.*
- 5. O pagamento do imposto acreditarase mediante o impreso de declaración-liquidación ou o correspondente recibo, debidamente validado pola entidade recadadora.*

#### *Artigo 9. RÉXIME SANCIONADOR*

*En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións correspondentes, aplicarase o réxime sancionador regulado pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como polo RD 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario e o resto de disposicións ditadas para o desenvolvemento de ambas as normas.*

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

*De conformidade co establecido na Disposición Transitoria 5ª da Lei 51/2002, as modificacións introducidas nesta Ordenanza entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2015, unha vez sexan aprobadas de forma definitiva e se publique o seu contido no BOP da Coruña.*

#### *ANEXO 1: CADRO DE COTAS TRIBUTARIAS*





CLASE DE VEHÍCULO E CABALOS FISCAIS	COTA (€)
<b>A) TURISMOS:</b>	
De menos de 8 c.f.	15,77
De 8 ata 11,99 c.f.	42,6
De 12 ata 15,99 c.f.	89,92
De 16 ata 19,99 c.f.	112,01
De 20 c.f. en adiante	140,00
<b>B) AUTOBUSES:</b>	
De menos de 21 prazas	104,14
De 21 a 50 prazas	148,30
De máis de 50 prazas	185,37
<b>C) CAMIÓN:</b>	
De menos de 1.000 kg de carga útil	52,85
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	104,25
De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil	148,30
De máis de 9.999 kg de carga útil	148,30
<b>D) TRACTORES:</b>	
De menos de 16 c.f.	22,09
De 16 a 25 c.f.	34,71
De máis de 25 c.f.	104,12
<b>E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA</b>	
De 750 kg de carga útil a 1.000 kg de carga útil	22,09
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	34,71
De máis de 2.999 kg de carga útil	104,12
<b>F) OUTROS VEHÍCULOS</b>	
Ciclomotores	5,52
Motocicletas de ata 125 c.c.	5,52
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	9,46
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	18,94
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	37,86
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	75,72

Interven o Sr. Lourido, para dicir que lle parecen ben as modificacións no texto, aínda que o tema da reciclaxe das baterías dos vehículos híbridos ou eléctricos debería estudarse máis, pero que, posto que pronto se incrementarán as cotas mínimas do imposto, considera que a suba proposta, do 25%, pode esperar.

Fala de seguido o Sr. Romero, para dicir que o que se debe facer é reducir os gastos e non subir os impostos, que debería explicarse para qué se fai a subida e que esta decisión pode ter incidencia nunha baixa das persoas empadroadas.

Interven de seguido o Sr. Soto, para explicar que o texto da ordenanza é do 2000 e non tivo modificacións nestes anos, que cada vez fan falta máis recursos para atender as necesidades dos

veciños e que somos o concello da zona cun importe máis baixo. Di tamén que son de esquerdas e preconizan a responsabilidade fiscal e a progresividade dos impostos, especialmente os que gravan o patrimonio, como o Imposto de Vehículos, que outras administracións recortan recursos para servizos públicos que os Concellos teñen que asumir, como os recentes recortes nas axudas aos coidadores de persoas dependentes. Di que esta modificación non recaerá sobre as familias, senon que as beneficiará, e que en canto ó tema de posibles baixas no Padrón, non se pode promover o pillaxe fiscal, aínda que a normativa o permitise.

O Sr. Alcalde remata o debate lembrando as subas de impostos que o PP tan aplicado dende que goberna, destacando as do IBI e o IVE, un imposto claramente antiprogresivo e penalizador para as rendas máis baixas, rexeitando o uso da demagogia nestas cuestións.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros presentes do BNG, con catro votos contrarios, dos tres do PP e o do PSOE, acorda aprobar a referida proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, así como dispor a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor con data do 01/01/16.

#### SÉTIMO. APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12.

Dase conta da proposta da Concellería de Facenda, de modificación desta Ordenanza para inserir unha nova tarifa por utilización do Campo de fútbol, así como modificar as cotas tributarias no uso da instalación da piscina municipal, modificando o contido do artigo 5 da Ordenanza de que se trata, que recolle as tarifas. O asunto xa foi debatido previamente en xunta de portavoces e dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello. A proposta de que se trata literalmente di:

*“O Concello de San Sadurniño posúe, entre a súa normativa fiscal, unha ordenanza que regula a prestación de servizos culturais e deportivos e a utilización por parte das persoas usuarias e entidades sen ánimo de lucro dos espazos e instalacións deportivas de titularidade municipal.*

*Esta ordenanza sufriu a súa última modificación en outubro de 2012 cando se unificaran nunha soa ordenanza a anterior de servizos por ensinanzas especiais e a de instalacións deportivas, adoptando a denominación definitiva que está no encabezado.*

*Aquela modificación bonificaba a utilización do pavillón para as entidades locais, adaptaba as taxas para a visualización de espectáculos na Casa da Cultura e incluía tamén a taxa por asistencia ao Ximnasio municipal.*

*Nesta altura, e coa inminente inauguración do novo equipamento no Campo de fútbol dos Currás (novo recinto de xogo de herba artificial) nace a necesidade da creación dunha taxa pola utilización do mesmo que axude a cubrir os custes de mantemento da instalación.*

*Do mesmo xeito, e despois de máis de 15 anos sen ningún tipo de adaptación dos prezos actuais na Piscina municipal, cómpre tamén levar a cabo unha actualización, en aras do cumprimento legal de cobertura dos custos do servizo. Neste senso, cómpre indicar que os ingresos obtidos polos diferentes conceptos ofertados na piscina durante este verán apenas se achegan aos 9.000 euros, cando o servizo de xestión e os custes iniciais de posta en funcionamento da instalación superan os 20.000 euros. Por outra banda, tamén é necesario tender a que os conceptos e taxas sexan semellantes aos dos outros concellos da contorna, para evitar competencia ou agravios innecesarios.*

*Por estes motivos faise preciso actualizar a OF nº 12 para inserir unha nova tarifa por utilización do Campo de fútbol, así como modificar as cotas tributarias no uso da instalación da Piscina municipal.*

*Por todo o antedito, propónse o texto que vai anexo a esta memoria xustificativa para o seu sometemento ao Pleno municipal.*

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS E DEPORTIVOS E A UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

*De cara a ampliar os supostos recollidos neste ordenanza, así como actualizar determinados conceptos tributarios, procédese a inserir e modificar os seguintes apartados:*

1º.- *Modifícase o cadro de tarifas recollido no artigo 5.1.C), do seguinte xeito:*

Concepto	Importe (Euros)
<i>Entrada individual diaria de persoas adultas</i>	<i>3,16 €</i>
<i>Entrada individual diaria de persoas menores de 14 anos</i>	<i>1,59 €</i>
<i>Abono de tempada para persoas adultas empadroadas (maiores de 18 anos)</i>	<i>28,00 €</i>
<i>Abono de tempada para persoas adultas non empadroadas (maiores de 18 anos)</i>	<i>36,00 €</i>
<i>Abono de tempada familiar (ata 4 membros dos cales o 50% ou máis estean empadroados no Concello)</i>	<i>50,00 €</i>
<i>Abono de tempada familiar (ata 4 membros dos cales menos dos 50% estean empadroados no Concello)</i>	<i>60,00 €</i>
<i>No Abono de tempada familiar, por cada persoa a partires da 5ª (independente do empadroamento)</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Abono mensual para cursos de natación para nenos e nenas empadroados (ata 14 anos)</i>	<i>12,00 €</i>
<i>Abono mensual para cursos de natación para nenos e nenas non empadroados (ata 14 anos)</i>	<i>15,00 €</i>
<i>Abono mensual para cursos de natación para persoas maiores de 14 anos empadroadas no Concello</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Abono mensual para cursos de natación para persoas maiores de 14 anos non empadroados no Concello</i>	<i>25,00 €</i>

2º.- *Incorporar un novo apartado E) no artigo 5.1, co seguinte teor:*

*E) Utilización do Campo de Fútbol dos Currás:*

*Imponse unha tarifa de 30,00 euros/hora para as entidades e persoas usuarias en xeral. Están exentas desta tarifa as entidades locais inscritas no Rexistro municipal de asociacións cuxo obxecto social sexa a promoción do fútbol.*

*Non se regulan franxas horarias intermedias, polo que a superación da hora de duración no uso da instalación supón o pagamento das dúas horas de uso, e así sucesivamente.*

*A dita cota satisfarase, consonte indique a Recadación municipal, con anterioridade á utilización do recinto deportivo, polo que será preciso presentar unha solicitude no modelo habilitado ao efecto."*

O Sr. Soto explica que a implantación de céspede artificial no campo de fútbol de Currás suporá un incremento na demanda de uso desa instalación, que convén ordear mediante os incrementos que se proponen, tendendo á autofinanciación dos servizos municipais. O Sr. Lourido amósase de acordo coa proposta, que non supón un gran incremento, porque as instalacións públicas precisan un mantemento. O Sr. Romero tamén expresa a súa conformidade, aínda que di que a diferenza dos importes propostos para veciños debería ser maior respecto ós que non son.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a referida proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, así como dispor a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

#### OITAVO. ACORDOS SOBRE INICIO DE EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DE CONVENIO URBANÍSTICO.

Dase conta da proposta da Alcaldía en relación con este asunto, que literalmente di:

*"ANTECEDENTES:*

*a) Vista a solicitude presentada pola Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño, representada polos seus liquidadores Martín Sanjurjo Sixto, Ángel Barro Sabín e Gelasio Romero Sanjurjo, pola que se procede a formular reclamación de responsabilidade patrimonial en relación ao convenio urbanístico aprobado polo Pleno deste Concello do 15/12/2007*

*b) Emitida a proposta de resolución de estimación parcial do 01/07/2015 e solicitado un ditame ao Consello Consultivo de Galicia en cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, de 24 de abril, reguladora do mesmo, remitíndolle ao efecto copia do expediente e poñendo en coñecemento da parte interesada esta última circunstancia.*

*c) Visto o ditame emitido polo Consello Consultivo do 22/07/2015 en sentido desfavorable á proposta de resolución emitida.*

*d) Vista a Resolución da Alcaldía data 5 de agosto de 2015*

*En base a estes antecedentes, a Alcaldía propónlle ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes*

*ACORDOS:*

*1.- Ratificar a Resolución da Alcaldía de 5 de agosto de 2015*

*2.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio do "convenio urbanístico" suscrito entre o Concello de San Sadurniño e a Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño aprobado en sesión do Concello Pleno de 15/12/2007, aos efectos de declarar a súa nulidade de pleno dereito, seguindo o establecido no artigo 102 da Lei 30/1992, por concorrencia das causas recollidas nos artigos 62.1.e*

*3.- Establecer na mesma declaración de nulidade, de ser o caso, e como dispón o artigo 106 da Lei 30/1992, as indemnizacións que proceda recoñecer ás partes interesadas de dárense as circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141.1 do mesmo corpo normativo."*

O asunto xa foi debatido previamente en xunta de portavoces e dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Soto resume brevemente a historia deste asunto desde a sinatura do convenio ata a reclamación xudicial de indemnización por parte dos liquidadores da Cooperativa.

O Sr. Lourido di que se trata dun asunto que está pendente de resolución xudicial, polo que non se pronunciará sobre o mesmo.

O Sr. Romero di que o que se precisa é ofrecer solucións ós veciños afectados, ademais de dicir a verdade ó pobo. O convenio asinouse nun pleno do que se ausentaron os concelleiros do PP, que advertiron expresamente da súa ilegalidade, xa que non se lle deu publicidade como esixe a lei e foi aprobado sen informes técnicos nin xurídicos, polo que podería constituir un delito de prevaricación. Amosa a postura do seu grupo contraria ó acordo proposto, pedindo que se deixe de meter a pata e solicitando que se fagan xuntanzas cos representantes da Cooperativa para tratar de negociar unha solución a este asunto. Remata decindo que o Centro de Día foi unha gran obra para o Concello, que conta totalmente co apoio do PP, pero que as cousas non se poden facer pasando por enriba da lei.

O Sr. Soto di que a Cooperativa xa non existe nin ten herdeiros, senon liquidadores. O Concello, cumprindo a súa obriga de defender o interese xeral, asinou un convenio beneficioso para ambas partes, co fin de obter os terreos necesarios para o centro de día co menor custe posible para os veciños. Os compromisos do Concello en relación coa aprobación do PXOM non se poideron cumprir porque o Concello non pode controlar os tempos de tramitación dos plans, e do que se trata agora é de se hai que compensar este incumprimento e en qué cantidade. O Concello agradece a altura de miras dos cooperativistas que cederon os terreos necesarios e o goberno municipal pide agora que non se defendan intereses particulares ou familiares no Pleno, achacando a oposición do PP a que non querían o centro de día.

O Sr. Romero reitera que finalmente haberá que sentarse para negociar unha solución a este asunto. O Sr. Alcalde di que xa se fixo unha xuntanza e que é lexítimo pedir o que sexa, aínda que o Concello ten que defender os intereses xerais, e non os de familiares. O Sr. Romero di que haberá que ceder algo por ambas partes para poder acadar un acordo, respostando o Sr. Alcalde que a disponibilidad do Concello é máxima respecto a esa posibilidade.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros presentes do BNG, con tres votos contrarios, dos tres do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda aprobar a referida proposta, que se notificará a tódolos interesados coa brevidade posible.

#### NOVENO. ACORDOS SOBRE RETIRADA DE TÍTULOS HONORÍFICOS.

Dase conta da proposta da Alcaldía para a retirada de títulos honoríficos concedidos por este Concello a Francisco Franco Bahamonde e José Antonio Girón de Velasco nos anos 1939 e 1950, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello e que literalmente di:

##### *"ANTECEDENTES*

a) *Coincidindo co final da Guerra Civil, sendo Alcalde Segundo Yáñez Fernández, o pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o 1 de xuño de 1939 decidiu "nombrar alcalde honorario de este ayuntamiento de San Saturnino al Excmo. Sr. Francisco Franco Baamonde, Jefe Supremo del Estado y Generalísimo de los ejércitos, con grandes dotes de estrategia universalmente reconocidas ... se hace acreedor de la gratitud de los espíritus que siempre en lo más profundo de su alma tienen el sentimiento sublime del amor a la patria".*

b) *De igual maneira, no pleno da Corporación celebrado o 2 de setembro de 1950, sendo Alcalde Emiliano Calvo Couce, noméase Fillo adoptivo ao daquela Ministro de Traballo, José Antonio Girón de*



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

*Velasco, que fora un dos fundadores en 1931 das Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista (JONS), e presidente da Confederación Nacional de Excombatientes.*

*c) No BOE nº 310, do 27/12/2007 publícase a Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.*

*d) O artigo 15 desa lei sinala que as Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura.*

*e) Igualmente, a Disposición derogatoria da devandita lei derroga, entre outros o Bando de Guerra do 28 de xullo de 1936, da Xunta de Defensa Nacional, aprobado polo Decreto número 79, o Bando do 31 de agosto de 1936 e, especialmente, o Decreto do xeneral Franco, número 55, do 1 de novembro de 1936.*

#### **ARGUMENTACIÓN:**

*Vai xa para 40 anos da morte do ditador Francisco Franco e a posterior chegada da democracia ao Estado español.*

*Todos e todas somos conscientes do sufrimento que supuxo o Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a Guerra Civil e a Ditadura franquista, coa consecuente derogación da República democrática, a xeración de centos de milleiros de mortos por efecto do conflito bélico, e coa instauración, durante case 40 anos, dun réxime fascista, baseado na represión e no pensamento único.*

*Nembargante, logo de tanto tempo dende a fin da Ditadura non se deu aínda un tratamento democrático e de xustiza ao acontecido no Estado español durante a Guerra Civil e os seguintes 40 anos.*

*A coñecida como Transición española baseouse nunha pretendida amnistía xeral para todos os bandos, malia que moitas das persoas responsables de serios delitos contra a democracia, e mesmo contra os dereitos humanos, seguiron ocupando importantes cargos, sen sufriren as consecuencias dos seus actos.*

*As medidas tomadas durante a democracia para paliar esta inxustiza foron parciais e insuficientes. Malia todo en 2007 aprobouse a coñecida como a Lei da memoria histórica, que entre outras cousas, no seu artigo 15 falaba de retirar todos os símbolos vinculados coa exaltación da sublevación, da Guerra Civil ou da Ditadura.*

*Seguindo esta liña, o Grupo de Goberno considera que é chegado o momento de recoñecer o sufrimento causado pola Guerra Civil e pola Ditadura en San Sadurniño, e de, nomeadamente, derogar aqueles actos municipais que se aprobasen para louvar ou enaltecer aos máximos responsables daquela etapa negra da nosa historia.*

*Por este motivo, coa presente proposta o Goberno municipal quere proceder a retirar os cargos honoríficos dados a Francisco Franco e a José Antonio Girón, debido a que estas persoas non eran merecentes da gratitude nin do afecto do pobo de San Sadurniño, pois as súas actuacións militares e políticas durante a Guerra Civil e a posterior Ditadura causaron grandes sufrimentos en boa parte da cidadanía.*

*Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte*

#### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*O Pleno da Corporación acorda a retirada do título de Alcalde honorario de San Sadurniño a Francisco Franco Baamonde, e deixa sen efecto o acordo plenario de data do 1 de xuño de 1939 polo que se procedía ao seu nomeamento.*

*De igual maneira acórdase a retirada do título de Fillo adoptivo de San Sadurniño a José Antonio Girón de Velasco, e deixa sen efecto o acordo plenario de data do 2 de setembro de 1950 polo que se procedía ao seu nomeamento.*

*Por último, o Concello de San Sadurniño manifesta a súa enérxica condena o Golpe de Estado de 1936, a Guerra Civil e a Ditadura franquista, e reafirma o seu total respecto aos Dereitos Humanos, á Democracia, á Liberdade, á Xustiza e aos principios da sustentabilidade económica, social e ambiental."*

O asunto xa foi debatido previamente en xunta de portavoces e dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a referida proposta.

#### DÉCIMO. MOCIÓN RELATIVA AO APOIO DO CONCELLO A UNHA INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR.

Dase conta da moción presentada pola Confederación Intersindical Galega de Ferrol no rexistro de documentos, con data do 20/08/15, relativa a unha proposición de lei a presentar para o seu trámite como iniciativa legislativa popular. Un representante deste sindicato interveu brevemente diante do Pleno para defender esta proposta, resumindo o seu texto, que literalmente di:

##### *"Exposición de motivos*

*o sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.*

*Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.*

*Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.*

*No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.*

*É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo 1, concrétese o*

*desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predi cíb el que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.*

*Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades -coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas- está estreitamente vencellada a dispoñer de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaría o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.*

*Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.*

*O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade,*



*calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.*

*Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.*

*Artigo 1. Política enerxética.*

*A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:*

*a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.*

*b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.*

*c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das pnmás para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.*

*d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.*

*e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.*

*f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.*

*Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.*

*Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.*

*Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.*

*Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.*

*1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.*

*2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.*

*3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.*

*4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.*

*5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.*

*Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### Acordo

*Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.*

*Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular."*

O Sr. Soto manifesta o absoluto acordo do seu grupo coa proposta, semellante as defendidas polo BNG con anterioridade, o mesmo que o Sr. Lourido en representación do PSOE.

O Sr. Romero di que este non é un asunto que deba resolver o Pleno, xa que non afecta soamente ós vecios de San Sadurniño. É un tema que afecta á cidadanía en xeral e que debe ser resolto no Parlamento. É certo que o custo final da enerxía, engadindo os custes da enerxía primaria utilizada, todos os tributos que a gravan e os grandes custes de distribución, supón un gasto importante para os cidadáns. Por iso se traballa na integración nun mercado único que reducirá o custo final. Esta situación é consecuencia das previsións erróneas de gobernos anteriores, pero está sendo paliada pola Xunta mediante o bono social para familias con rendas familiares escasas ou o tique social, que xa conta en Galicia con 1300 familias acollidas no ano 2014. A Xunta está a defender os intereses dos veciños, expedientando ás compañías incumpridoras, con case mil cen expediente abertos en 2014, e traballando na garantía do subministro para os máis desfavorecidos.

O Sr. Alcalde di que a intervención do Concello neste asunto anima e respalda as demandas dos veciños, que a todos non sube a luz e que isto é consecuencia da existencia de grandes grupos de interese nos que traballan persoas vinculadas ó PP, facendo referencia á situación no País Vasco, no que o goberno intervén na determinación do prezo da enerxía para as empresas radicadas no seu territorio.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### UNDÉCIMO. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA Á LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ.

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do PSOE no rexistro de documentos, con data do 10/08/15, para solicitar a retirada da Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo de protección da seguridade cidadá, que literalmente di:

#### *"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*o PP aprobou o pasado 11 de decembro, en solitario, a súa Lei de Seguridade Cidadá coa oposición frontal do PSOE. Trátase dunha "lei mordaza" que rompe o espírito da Constitución e que o PSOE procederá a derogar en canto regrese ao Goberno. Esta lei non só non contou co respaldo parlamentario dos partidos da oposición senón que foi recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos: o PSOE promoveu o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá, xunto con Esquerda Plural (EU, ICV-EUiA), UPyD, Compromís-Equo, e Coalición Canaria.*

*Non existe unha demanda social para unha norma absolutamente innecesaria, que supón un recorte de dereitos políticos e civís recollidos na Constitución, polo que o único que busca o Goberno é un retorno ao Estado policial.*

*Rajoy está a demostrar ser o presidente máis retrógrado da democracia española, está a legislar soamente para a dereita máis extrema e está a aprobar recortes en dereitos e liberdades en cada Consello de Ministros que se celebra.*

*É evidente que o Goberno ten medo á contestación social, moléstalle e converte á cidadanía que protesta en cidadáns e cidadás baixo sospeita. A lei mordaza é unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agrava mento das contías das multas. Busca castigar máis ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.*

*Con esta lei, por citar varios exemplos, poderase castigar con até 30.000 euros unha manifestación para impedir un desafuzamento ou con até 600 euros as faltas leves, que son as máis comúns. Poderase multar a quen difunda imaxes de antidisturbios golpeando sen necesidade a manifestantes, ou considerar unha ameaza á seguridade cidadá negarse a mostrar o DNI. Ademais, aqueles que participen nunha manifestación espontánea, isto é, non notificada previamente á Delegación do Goberno -cousa que ocorre no 50% das protestas- poderán ser tamén multados.*

*Ao Goberno do PP moléstalle a xente na rúa, pero o problema non son os cidadáns e cidadás que critican a acción do Goberno e as súas políticas antisociais. Se á dereita gobernante quere frear as protestas sociais que tantolles perturban, o que debe facer é rectificar a súa política económica e botarfreo á desigualdade, pero non arremeter contra o cidadán que protesta na rúa.*

*Con esta lei, o PP demostra que non acepta o dereito á queixa e á discrepancia. É evidente que coa escusa da crise, o PP recortou os dereitos sociais. Agora, coa escusa da seguridade, busca limitar as liberdades políticas e civís. Un novo recorte de dereitos que se suma aos xa perpetrados durante estes tres anos do PP en educación, sanidade, dereitos laborais, xustiza.*

*Os socialistas seguiremos traballando para preservar a cohesión social, a liberdade e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía, impulsando desde os municipios as prestacións necesarias de servizos sociais e promovendo a reinserción social das persoas en situación de maior vulnerabilidade. Medidas de prevención, que, desde as entidades locais, poden asegurar o desexable benestar da nosa cidadanía e os seus dereitos e liberdades, axudando a "minimizar" o efecto da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá.*

*Por estas razóns pretendemos que o PP retire a "lei mordaza", porque lima a cohesión social, cuestiona frontalmente o Estado de Dereito e limita os dereitos e as liberdades de cidadanía que conquistamos nestes anos de democracia desde que se aprobou a Constitución no ano 1978.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de San Sadurniño somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada e na que se insta ao Goberno de España a:*

*Retirar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxen indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ao noso Estado de Dereito."*

O Sr. Romero toma a palabra para dicir que a Lei Orgánica 4/2015 o que pretende é garantir os dereitos constitucionais de todos e especialmente das vítimas de delitos e a vixilancia adecuada para a prevención de delitos, así como a aplicación de medidas que leven á erradicación da violencia e o valdalismo, para garantir os dereitos de toda a poboación, ademais de que soamente impón no referido ás manifestacións, unha obriga de comunicación previa.

O Sr. Soto di que a Lei é unha medida contra o pobo que supón unha merma importate de liberdades, fortemente contestada pola sociedade e proposta por un ministro retrógrado e vinculado á industria armamentística, que trata de ilegalizar a expresión polo pobo das súas queixas e manifestacións.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó decimosegundo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra o Sr. Soto para propoñer a inclusión dun punto para aprobar unha nova moción en defensa do sector lácteo, xa que non se rematou de negociar unha declaración entre os grupos antes de iniciarse o Pleno, razón pola que se propón que o asunto se considere urxente.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda considerar a moción urxente, ordenado que se pase de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA. PRIMEIRO. DECLARACIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO.

O Sr. Soto di que a moción iría no mesmo sentido que a aprobada no último Pleno deste Concello, celebrado o pasado día catro de xullo de 2015, vista a gran contestación social e as movilizacións previstas para a próxima semana por parte dos gandeiros, que xa están ó límite. O seu texto sería o seguinte:

*“A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeiro logo da desaparición das chamadas cotas lácteas e na que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.*

*A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias dramáticas.*

*Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou incluso o Tribunal da Competencia teñen establecido un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender ou protexelos ante esa situación.*

*Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde fai meses que na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción. Así, mentres no resto do Estado e da Unión Europea se está incrementando a produción en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, canto e onde se pode producir leite.*

*Logo de episodios nos que tanto algunha industria como algúns primeiros compradores decidisen*

*unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixar leite sen recoller nas explotacións.*

*Agora estamos ás portas dunha novo ataque aos e ás gandeiras con anuncios de que para os próximos contratos se vai producir unha baixada xeneralizada dos prezos, maiores penalizacións por baixa materia graxa ou mesmo un incremento da cantidade de leite cun prezo marxinal.*

*O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.*

*Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarea un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación e mentres a única actuación do Goberno Galego se limita a derivar responsabilidades e a intentar desacreditar socialmente as demandas do sector.*

*Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de San Sadurniño somete a debate e aprobación polo pleno esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- O Concello de San Sadurniño comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.*

*2.- Instar ao Goberno Galego a que garanta a recollida da totalidade do leite producido nas explotacións e a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:*

*a) Crear un instrumento interprofesional galego de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.*

*b) Establecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e polo tanto o prezo a percibir polos produtores e produtoras, que en ningún caso poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.*

*c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.*

*3.- Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.*

*4.- Requirir do Goberno Galego que con perspectiva da futura vertebración do sector e para incrementa a cadea de valor do leite e a participación nesta dos e das gandeiras se promovan proxectos de transformación industrial do leite evitando a dependencia de industrias foráneas e o leite destinado unicamente a produtos de escaso valor engadido."*

O Sr. Lourido interven para manifestar o seu acordo coa proposta, que representa unha postura global a favor do sector leiteiro. O Sr. Romero di que non tiveron oportunidade de ver a tempo a documentación para a declaración, pero que salvo unha referencia á suposta inactividade da Xunta coa que discrepan, co resto da moción estarían de acordo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a devandita moción.

DECIMOSEGUNDO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Romero pregunta canto costará ós veciños a oposición do Concello ó pago das facturas de Sogama agora que xa comezan a dictarse sentencias condenando ó pago desas débedas.

O Sr. Alcalde di que practicamente nada, arredor de douscentos ou trescentos euros de procurador e outros tantos do avogado, pero se fixo o que se tiña que facer diante dun abuso por parte de Sogama e en defensa dos intereses do Concello. E aínda está pendente un pronunciamento do Tribunal Constitucional sobre o asunto.

Pregunta de seguido o Sr. Romero, manifestando trasladar demandas veciñais, porque non se está a cumprir coa vixente normativa sobre símbolos, por ter as bandeiras da entrada á Casa do Concello colocadas en distinta orde e non ter retrato do Rei no salón de sesións.

O Sr. Alcalde di que non se fixara e que se cumprirá coa legalidade, para o que haberá que encargar o cadro.

O Sr. Varela pregunta se realmente existe esa demanda veciñal da que falaba o Sr. Romero, e o Sr. Alcalde di que á xente lle preocupan outras cousas, como o traballo ou as pensións, e que ademais el é republicano.

O Sr. Romero di que efectivamente poder haber outras cousas mais importantes, pero hai que cumprir coa legalidade.

Pregunta de seguido o Sr. Romero cando e como se vai cumprir coa obrigas derivadas da Lei de Transparencia, como xa se fixo en moitas outras administracións, solicitando que se publiquen as declaracións da renda de tódolos membros da Corporación.

O Sr. Alcalde resposta que por suposto se fará, que aínda hai prazo para elo, que o cumprimento desta obriga é moito máis fácil para os asalariados, e que non teñen nada que ocultar. O Sr. Romero insiste en que, por ética, debería terse feito xa, e o Sr. Soto di que os acordos polos que se establecen retribucións xa están publicados, e que se publicarán as retribucións de todo o persoal ó servizo do Concello. O Sr. Romero di que a súa proposta referíase unicamente ós concelleiros e o Sr. Soto resposta que el non cobra máis que 60 euros por vir ó Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,